



lo dispuesto en el artículo 14.1º, regla tercera de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa.

Para que conste y le sirva de notificación a la interesada, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 59.5 de la LRJPAC, expido y firmo este edicto.

Vilagarcía de Arousa, a 27 de septiembre de 2012.—El Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz. **2012009614**

E D I C T O

O Alcalde Presidente dictou, o 18/7/2012, resolución pola que se notifica a orde de execución de obras nº 53/10 a entidade Residencial Villagarcía Centro S.A., como propietaria do solar sito na rúa Os Duráns nº 28, imponéndolle unha multa coercitiva por incumprimento da resolución ditada por esta Alcaldía, de 14/6/2011 e ordenándosela que proceda a súa limpeza, nun prazo máximo de QUINCE DÍAS, contados a partir da notificación desta resolución.

Ao non poderse realizar a notificación persoal desta resolución, mediante este edicto, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas, modificada pola Lei 4/1999 (LRXPAC), notifícaselle ás persoas interesadas a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no art. 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber á persoa interesada que o texto íntegro da resolución que se notifica se encontra ao seu dispor na Xerencia de urbanismo, sito no edificio do Concello, Pza. Ravella nº 1, 4º andar, Vilagarcía de Arousa, podendo, no prazo de DEZ DÍAS, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes ó seu dereito, interrompiéndose neste caso os prazos indicados nos apartados anteriores.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interponer, potestativamente, recurso de reposición ante a Sr. Alcalde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, ou ben, se non exercen o seu dereito a presentar recurso potestativo de reposición, poderá interponer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso Administrativo en cuxa circunscrición radique o inmovible afectado, conforme o disposto no art. 14.1º, regra terceira da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para que conste e lle sirva de notificación á persoa interesada, en cumprimento do disposto no art. 59.5 da LRXPAC, expido e asino este edicto.

Vilagarcía de Arousa, 27 de septiembre de 2012.—El Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz. **2012009615**

ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE

A N U N C I O

A Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive en sesión do 17 de Outubro de 2101 aprobou a seguinte

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA AS COMUNIDADES DE ABASTECIMENTO DE AUGA DA PARROQUIA DE BEMBRIVE NO EXERCICIO 2012

PRIMEIRO.—OBXECTO DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS

a) A presente convocatoria ten por finalidade a concesión de axudas e subvencións desta Entidade, destinadas á obras de reparación ou subministros de: captacións, canalizacións, distribución ou tratamento de abastecementos de auga domiciliaria ou fontes públicas

Esta convocatoria comprenderá o período do ano natural, con cargo á partida orzamentaria 1.482 ata un importe total de 4.000,00 euros, no orzamento da Entidade Local Menor de Bembrive para o exercicio 2012 e de acordo cos principios de obxectividade, libre concorrência e publicidade.

SEGUNDO.—DESTINATARIOS

2.1.—Poderán concorrer e optar a estas subvencións unicamente as Comunidades de abastecemento de augas da parroquia de Bembrive que abastezan a vivendas que carezan de subministro público de auga potable.

2.2.—Os solicitantes deberán reunir ademais os requisitos detallados no apartado segundo do RSELMBENMVRIVE:

TERCEIRO.—ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

3.1.—Poderán ser obxecto de subvención as obras, servizos e subministros para cada actuación.

3.2.—Non poderán ser obxecto de axuda ou subvención na correspondente convocatoria as actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de planos doutras AA.PP., cando o importe destas últimas cubra o 100 % da actividade a realizar. En caso contrario, poderá ser subvencionable e complementado o importe da actividade na contía restante ata chegar ó total do importe de actuación; tendo en conta o disposto no artigo 6 do presente Regulamento.

CUARTO.—CONVOCATORIA E PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo para presenta-las solicitudes (nos formatos que se poden recoller na sede da Entidade Local Menor de Bembrive) será de quince días naturais a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP, e se presentarán no rexistro xeral da Entidade Local Menor de Bembrive ou por calquera das formas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de dez días para a súa corrección ou emenda, arquivándose, sen máis trámite, cando non se subsanen as deficiencias advertidas no prazo sinalado. Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra dos prazos fixados na convocatoria.

QUINTO.—DOCUMENTACIÓN

Será a recollida no apartado quinto do Regulamento para a concesión de Axudas e Subvencións da Entidade Local Menor de Bembrive (RSELMBEMBRIVE.).

SEXTO.—ÓRGANO COMPETENTE E CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

6.1.—A Xunta Veciñal será o órgano competente para a resolución das peticións de subvencións ou axudas, previa proposta da Comisión Técnica avaliadora que estará composta por:

- Presidente: o Sr. Alcalde-pedáneo ou vogal en quen delegue .
- Vogáis : un vogal por cada un dos grupos políticos con representación na Entidade Local Menor de Bembrive.
- Secretario: o da Entidade Local Menor de Bembrive, ou persoa en quen delegue.

Os criterios a ter en conta para a concesión das axudas serán os recollidos no apartado sexto do RSELMBEMBRIVE.

SÉTIMO.—LEXISLACIÓN APLICABLE

As actividades subvencionables obxecto da presente convocatoria seralle de aplicación á Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, O Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e máis o RSELMBEMBRIVE anteriormente mencionado.

A presente convocatoria publicarase no Taboleiros de Anuncios da Entidade Local Menor, así como no Boletín Oficial da Provincia.”

O Regulamento para a Concesión de Axudas e Subvencións da Entidade Local Menor de Bembrive en Réxime de Concorrenza Competitiva a Institucións sen fines de Lucro (RSELMBENMVRIVE), foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 17 de Outubro de 2012.

Bembrive, a 18 de Outubro de 2012. — O Vogal delegado, Manuel Dalmeida Vázquez. **2012009908**

A N U N C I O

A Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive en sesión do 17 de outubro de 2012 aprobou a seguinte:

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIONS DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO CULTURAL, DEPORTIVO, EDUCATIVO E SOCIAL NO EXERCICIO 2012

As presentes bases, que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para a execución de actuacións de promoción e desenvolvemento cultural, deportivo, educativo e social no exercicio 2011, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), o Regulamento para a Concesión de Axudas e Subvencións da Entidade Local Menor de Bembrive en Réxime de Concorrenza Competitiva a Institucións sen fines de Lucro e demais normativa aplicable.

PRIMEIRO.—OBXECTO DAS AXUDAS E SUBVENCÍONS

a) A presente convocatoria ten por finalidade a concesión de axudas e subvencións desta Entidade, destinadas á promoción e realización de actividades educativas, deportivas, culturais, ou festas tradicionais propias de:

Promoción e realización de actividades educativas en centros públicos e privados de ensino, escolas, centros e asociacións de pais de alumnos (ANPAS) ou asociacións.

Esta convocatoria comprenderá o período do ano natural, con cargo á partida orzamentaria 3.482 ata un importe total de 20.000,00 euros, no orzamento da Entidade Local Menor de Bembrive para o exercicio 2012 e de acordo cos principios de obxectividade, libre concorrencia e publicidade.

SEGUNDO.—DESTINATARIOS

2.1.— Poderán concorrer e optar a estas subvencións:

- Asociacións culturais, deportivas, de festas, educativas, e asociacións de nais e pais de alumnos.
- Asociacións de veciños.
- Asociacións xuvenís, de amas de casa, de mulleres.

2.2.— Os solicitantes deberán reunir ademais os requisitos detallados no apartado segundo do RSELMBENMVRIVE:

TERCEIRO.—ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

3.1.— Poderán ser obxecto de subvención as obras, servizos e subministros para cada actuación.